



Concello de Vigo

1

ACTA DO COMITÉ DE EXPERTOS CONTRATO DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS PARA BIBLIOTECA NA AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO

Data: 9 decembro 2010

Lugar: dependencias Servizo de Cultura

Asisten:

Maria Gómez Janeiro

Rafael Ojea Pérez

Marian Vidal Fraile

Ofertas Licitadores:

LTM, Servizos Bibliotecarios

VALORACIÓN XERAL

O proxecto de LTM presenta unha adecuada contextualización conceptual, desenvolvida nos catro primeiros apartados do proxecto; neles descríbese ordenadamente o ámbito teórico, por unha parte, e socio-cultural, por outra, no que se enmarcan as propostas organizativas e de xestión da Biblioteca, que se tratan nos restantes apartados. Esta aproximación programática por parte da empresa licitadora, permite situar as propostas e a intención do licitador dentro do ámbito da acción bibliotecaria contemporánea e da súa concreción nun ámbito espacial e socioeconómico específico, cuxas principais características se plasman correctamente no texto.

Feita esta consideración, corresponde ao Comité a valoración dos cinco apartados recollidos na cláusula 16.1.1 das FEC, outorgando, para cada un deles, unha puntuación. Aos sós efectos de facilitar o trasvase dunha valoración cualitativa a unha numérica, estableceuse por parte dos integrantes deste comité, unha ponderación para os distintos aspectos expresamente citados en cada un dos cinco apartados, tal e como se recolle no cadro seguinte:

Cláusula 16.1.1 das FEC	
Criterios non valorables con fórmula	
Apartados a valorar:	Puntos
Estructura e sistematización da oferta	5
Claridade	3
Concreción e profundidade	2
Programa de actividades	15
Actividades de dinamización	5
Recursos de difusión e comunicación	4
Fondos e subscricións	3
Mantenementos equipamentos bibliotecarios	3
Equipo técnico	5
Integrantes	2
Titulación e niveis	1
Perfis profesionais	1
Experiencia	1
Organización e calidade	5
Estructura organizativa	1
Inspección e control interno	0,5
Relación cos usuarios	2
Relación co departamento de cultura	0,5
Avaliación	1
Programa de formación	5

Estructura e sistematización da oferta

Claridade

O documento está ben estructurado e é de doada lectura e interpretación. A súa adaptación aos distintos apartados do prego de condicións e á estructura de criterios valorables é axeitada aínda que débil.

Concreción e profundidade

Adolece en xeral o texto dunha exposición excesivamente xenérica dos distintos apartados, botándose de menos unha maior concreción, especialmente nos aspectos cuantitativos de frecuencia e temporalización nos que se plasmarán na práctica as distintas propostas de actividades recollidas no proxecto.

Programa de actividades e funcionamento

Valórase aquí todo o que non son servizos bibliotecarios en sentido estricto, senón aquelas propostas vinculadas á dinamización cultural e presencia externa da biblioteca, así como aquellas actividades e programas de dinamización á lectura. Estaríamos no recollido nos apartados 7, 8 e 11 do proxecto do licitador.

Actividades de dinamización e extensión bibliotecaria

Describense no apartado 8 do proxecto, no que se recollen tanto os programas habituais como os estacionais e se relacionan cos distintos ámbitos de incidencia da biblioteca: o barrio, os grupos escolares, as familias e o público en xeral, así como aqueles programas de promoción da lectura (clubs de lectura). Se ben considérase aceptable e completa a orientación das propostas, adolece o proxecto de concreción sobre a intensidade e temporalización das actividades e programas propostos.

Recursos de difusión e comunicación

O proxecto recolle un apartado específico, o 11, á comunicación e marketing no que fundamentalmente se establecen as liñas estratéxicas neste sentido e se citan someramente algunas ferramentas de comunicación: actos de inauguración, blog, guía de lectura e instrumentos de suxestións e reclamacións.

Fondos e subscrpcións

Recollido no apartado 7 (e anexo I). Neste aspecto, o proxecto soamente inclúe datos cuantitativos sobre o número de exemplares, e organizativos verbo da distribución dos fondos, sen que se recolla unha relación --aínda que fose orientativa-- de títulos concretos que aportará o licitador para completar o fondo inicial. Para o criterio de selección apúntase como referencia o documento “Política da colección” elaborado polas bibliotecas municipais da Coruña, se ben este documento non se incorpora ao proxecto.



Concello de Vigo

3

Mantemento equipamentos bibliotecarios

O proxecto recolle o compromiso de realizar este mantemento con cargo aos propios orzamentos da empresa. Tamén se recolle como obriga dentro das guías de competencias do persoal descritas no apartado 9.4.

Equipo técnico e auxiliar

Entendemos que este é un apartado crítico para valorar o futuro funcionamento da biblioteca. O proxecto recolle axeitadamente a composición, organograma e funcións do persoal ofertado para a xestión directa da biblioteca así como aquel outro, pertencente á empresa licitadora e que se asociará con carácter de asesoramento temporal ao equipo técnico e ao funcionamento habitual da biblioteca.

A oferta amplía os mínimos esixidos no prego de condicións no tocante ao nivel de titulación dos integrantes do equipo (aporta dous titulados superiores con funcións de dirección e técnico de bibliotecas; unha auxiliar con estudos de FP en infancia e outra cun perfil máis administrativo) e adscribe a funcións de apoio aos servizos centrais da empresa licitadora, unha coordinación técnica xeral, unha de loxística e outra para o proceso técnico, se ben non concreta o tempo concreto de adicación deste persoal externo, fixando unicamente as súas funcións en relación co persoal propio da biblioteca e co seu funcionamento.

A oferta, no tocante á equipa técnica e recursos humanos, considérase, tanto no que respecta a perfil profesional, titulacións e perfil profesional e experiencia, como moi axeitado.

Organización e calidade do servizo

Valóranse neste apartado tanto os servizos bibliotecarios en sentido estricto como as propostas organizativas, o control externo e interno do servizo e as formas de avaliación do mesmo.

Estructura organizativa

Inclúese nos apartados 6 e 9 do proxecto, especialmente no que corresponde ao horario proposto, que se considera ben planteado en relación cos recursos humanos postos a disposición do servizo, e coa demanda potencial que se valora axeitadamente no texto: usuarios, nivel cultural, dimensión e alcance das organizacións sociais e educativas presentes na zona.

Inspección e control interno

Citado nos seus contidos esenciais no apartado 9.8 do proxecto. A estructura interna de control considérase suficiente e axeitada, ao dispoñer unha xerarquía de supervisión e apoio técnico coherente: unha coordinadora xeral da empresa, con adicación a tempo parcial ao proxecto, unha dirección integrada no equipo técnico interno da biblioteca a con horario a tempo total e dúas asistencias técnicas “a distancia” pertencentes á empresa ainda que non integradas no equipo técnico: unha encargada de loxística e outra de proceso técnico bibliotecario. O organograma presentado e as funcións do persoal descritas pormenorizadamente, representan unha estructura optimizada para o cumprimento da misión da Biblioteca.

Relación cos usuarios

Enténdese esta a través dos instrumentos desenvolvidos como servizos bibliotecarios, recollidos no apartado 6.1 do proxecto. Os servizos someramente descritos representan o universo dos que se esperan para un funcionamento óptimo da biblioteca en relación cos usuarios. Son servizos que foxen da burocratización dunha concepción tradicional da Biblioteca para inserirse no que as recomendacións internacionais e o contexto socioeconómico actual demandan deste equipamento.

Relación co Departamento de Cultura

Citado someramente no apartado 9.8 do proxecto. Concrétase na disponibilidade permanente da coordinadora para o proxecto nomeada pola empresa e pola emisión dun informe trimestral e unha memoria anual, sen que se recolla pormenorizadamente os contidos que informe e memoria terán.

Avaliación

Adica o proxecto o seu apartado 12 á avaliación. Resúmese no compromiso de aplicación do sistema de avaliación utilizado pola rede de Bibliotecas municipais da Coruña, baseado nas directrices en materia de estatísticas de Bibliotecas do Ministerio de Cultura que se referencian por derivación á páxina web correspondente deste Ministerio. Consultada esa páxina web, pódense atopar os indicadores necesarios para unha correcta avaliación cuantitativa da actividade bibliotecaria. Recolle tamén este apartado 12 unha soa ficha co parte diario e pantalla do instrumento informático de control de existencias. Sería deseable unha maior concreción dos instrumentos estatísticos que se utilizarán, máis alá da mer remisión á web do MCU. En calquera caso, a intencionalidade da empresa neste ámbito queda suficientemente reflexada coa remisión citada.

Programa de Formación

A pesar de que o Prego de condicións técnicas indica na súa páxina 4 que os licitadores presentarán “un plan formativo continuado”, non se inclúe este na documentación aportada polo licitador. A referencia a este plan é secundaria no proxecto ao facer unha remisión expresa ao compromiso de integrar ao persoal da biblioteca no plan de formación: “[os traballadores] se sumarán ao plan de formación que LTM ten contratado para as Bibliotecas municipais da Coruña (dous ou tres cursos anuais)”. Os contidos e características dese plan de formación non son aportados.

A empresa comprométese tamén a unha formación “in situ” coa asistencia ao equipo estable de traballo de especialistas en distintas materias, sen que se concreten os temas que serán seleccionados nin os especialistas (agás a propia coordinadora).

En función dos anteriores criterios, o comité distribuíu a puntuación nos distintos apartados conforme ao seguinte cadro:



Concello de Vigo

5

CADRO DE PUNTUACIÓN

Apartados FEC	Puntos totais	Puntos outorgados
Estructura e sistematización da oferta	5	2,5
Claridade	3	2
Concreción e profundidade	2	0,5
Programa de actividades	15	5,75
Actividades de dinamización	5	3
Recursos de difusión e comunicación	4	1
Fondos e subscricóns	3	0,75
Mantementos equipamentos bibliotecarios	3	1
Equipo técnico	5	5
Integrantes	2	2
Titulación e niveis	1	1
Perfís profesionais	1	1
Experiencia	1	1
Organización e calidad	5	3,95
Estructura organizativa	1	0,75
Inspección e control interno	0,5	0,5
Relación cos usuarios	2	2
Relación co departamento de cultura	0,5	0,2
Avaliación	1	0,5
Programa de formación	5	0,5
TOTAL PUNTUACIÓN	35	17,7
MÁXIMO A OUTORGAR	35	
% ACADADO POR LTM s/ total		50,57%

Á vista do anteriormente expresado, a puntuación total outorgada polo Comité de expertos, formado polos abaxo asinantes, á única oferta, presentada por LTM é de **17,7 puntos, que representa o 50,57% do máximo total** para este apartado previsto nas FEC.

Vigo, 9 de decembro de 2010

María Gómez Janeiro

Rafael Ojea Pérez

Marian Vidal Fraile

